

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<https://dx.doi.org/10.5209/madr.90686>EDICIONES
COMPLUTENSE

RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre (dir.) (2022): *Cunqueira das letras. Vol. 1*. Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 207 pp.

O Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, baixo a dirección de Alexandre Rodríguez Guerra, únese á constelación de publicacións periódicas sobre a cultura galega ao estrearse con este volume. De maneira anual, publicarase esta recompilación de estudos, que xirará en torno á lingua, literatura e cultura galega. Se ben é certo que nace cuns límites temáticos esvaecidos, na publicación priorizarase que cada volume xire en torno a un tema común. Esta obra inaugural foi outorgado ao mindoniense Álvaro Cunqueiro. Nel, diversas investigadoras e investigadores se enfrontan a aspectos arredor do mundo cunqueiriano, dende a análise da súa literatura, até vivencias persoais con el.

O volume abre da man de Xosé-Henrique Costas, Manuel Forcadela e Iago Castro, os que achegan os primeiros poemas do mindoniense escritos na súa adolescencia que foron atopados en cartas, diarios e follas soltas, que permiten completar o prisma da figura cunqueiriana, ao comprender a súa construción dende os seus alierces. Estes poemas, adaptados ao estándar da norma RAG-ILG, aparecen reproducidos ao final do capítulo.

Iago Castro Buerguer teoriza tamén sobre o seu gusto polos pseudónimos, baixo os que publicou durante varias décadas, respondendo a unha función práctica, mais tamén poética. Ábrese o debate sobre a desmitificación ou parodización do mito clásico na súa obra, entendida por Marta Mariño, máis ben, como unha

reformulación con tons humorísticos. Da man de González Somovilla estudamos a faceta de Cunqueiro como xornalista, xunto cun percorrido da súa participación en distintos xornais do panorama galego do século XX. Invítanos, Rexina Rodríguez Vega, a reflexionar sobre a etiqueta “cunqueiriana” que existe na literatura galega, facendo un repaso, que segundo a autora se afasta voluntariamente do exhaustivo, polas súas etapas e o legado que deixou nos escritores e nas escritoras das últimas décadas. O mundo das viaxes de Cunqueiro tamén aparece neste volume, grazas a Armando Requeixo, no que explora o carácter de *homo viator* dos protagonistas das súas novelas. O volume péchao o apartado de recensións, no que podemos atopar a reseña de dúas obras. Podemos contar nesta obra, aliás das mencionadas, coa participación de escritores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús González Gómez, César Morán, ben coñecedores, persoal e profesionalmente, do homenaxeado.

En conclusión, o equipo detrás desta revista pon o seu traballo na creación dun espazo común no que xuntar monográficos que versen sobre o país co afán de acadar un avance no coñecemento da lingua, literatura e cultura galega.

Clara García Vila
Universidad Complutense de Madrid
clarga14@ucm.es